



Muiñeira

Nombre: Muiñeira

Clase: Perro

Desde: 7-5-2018

Sexo: Hembra

Edad: 2 años y 1 mes

Raza :

Tamaño : Mini

Peso : 6,5KG

chip: 981098106734419

Localidad: Ponteareas

Descripción : Lembrades á pequena Muiñeira?

Foi recollida atropelada coa cadeira fóra do sitio e as dúas patillas rotas, despois de operala e estar a tratamento xa se atopa así de recuperada e desexosa de atopar unha familia que a coide e queira como merece!

Agora mesmo só precisa curas 2 veces o día e visita á veterinaria unha vez por semana. A recuperación da patilla será longa pero mentres tanto ela fai vida case normal e o mellor para ela e a súa recuperación será sen dúbida atopar unha familia definitiva.

A palabra que a define é AMOR, súper boa e tranquila, non di nada mentres se lle fan as curas, ata queda medio durmida, máis boiña imposible.

Aínda lle queda algun medo e non se deixa acariñar por xente extraña polo que tamen por iso sería xenial que atopara unha familia definitiva canto antes xa que avanzaría moitísimo máis na superación de tódolos seus medos.

Con outras cadelas e cans lévase estupendamente.

Esta pequerrecha foi atopada atropelada nunha estrada entre Ponteareas e As Neves, levámola a unha clínica veterinaria e ten a cadeira fóra do sitio e as dúas patillas rotas, imos intentar que a



Os Biosbardos

operen mañá pero precisamos un fogar de
acollida que poida darlle o repouso e coidados
axeitados.

É moi boiña e pequena, pesa tan só 5,5 kgs.